



4 March 2013

D^a. Mar Pereira Álvarez
Directora da AMTEGA
Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia,
Cidade da Cultura de Galicia,
Monte Gaiás s/n,
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Prezado señor, prezada señora,

O meu nome é Xabier Cid e son copropietario dunha empresa galega do sector TIC. Encárgome nela das tarefas administrativas e económicas, ademais doutros labores de produción.

Esta mañá (4 de marzo de 2013), recibín un cuestionario enviado por Instituto Sondaxe, sen asinar persoalmente, procedente dun enderezo de correo da empresa Tesi Gandía. No cuestionario dise falar en nome da ATEMGA e menciónase o OSIMGA, pero non se sinala en ningún momento quen é a persoa responsable en última instancia dese cuestionario. Pregúntanse determinadas cuestións sobre algúns aspectos que en ningún caso lles facilitaríamos a empresas como Instituto Sondaxe ou Tesi Gandía. Pero ao mesmo tempo tampouco podemos non respondelo, porque se nos require en nome do goberno autonómico.

O mesmo cuestionario, ou con mínimas diferenzas, xa o respondimos o ano pasado. Este ano investín uns 45 minutos en cubri-lo. En 2012 responderon o cuestionario 450 empresas. Iso quere dicir que as empresas galegas gastamos ese ano 337.5 horas da produtividade dos seus directivos en cubrir a enquisa (se todos foron tan rápidos coma min). A esa apreziábel cantidade temos que engadir-lle o custo da planificación, montaxe, distribución e análise da enquisa.

O sorprendente, con todo, non é o custo, senón o resultado. No seu informe executivo de 2012 recóllense as táboas dos datos, e só unha páxina con media ducia de conclusións, con datos tan reveladores como que “dúas de cada tres empresas TIC interactúan coas Administracións Públicas mediante Internet, indicador que se incrementou un 15,6% nos últimos dous anos” ou que “a formación en TIC tamén experimenta un sensible incremento nos últimos dous anos”.

En función dese investimento, como cidadán español e como copropietario dunha empresa directamente apelada polo Instituto Sondaxe no nome da AMTEGA, ao abeiro da lei 4/2006 de Transparencia e boas prácticas na Administración pública de Galicia,

SOLICITO FORMALMENTE

- Coñecer a cantidade que a ATEMGA ou, no seu defecto o organismo autonómico correspondente, destinou á realización desta enquisa en 2006, 2007, 2008, 2009, 2010, 2011, 2012 e 2013.
- Coñecer a empresa ou empresas subcontratadas para realizar esta enquisa ao longo destes anos, e en especial en 2012 e 2013.
- Coñecer que procedementos de contratación se estableceron para a execución desta enquisa (onde se publicou a oferta, a data en que se publicou a oferta, o número de empresas que participaron nela e a data en que se asinou o contrato).
- Coñecer que beneficios lle reportou á sociedade e/ou ao goberno autonómico en termos económicos a realización desta enquisa, e cal é o balance económico do investimento en termos de custos contra beneficios.

Agradézolle o seu traballo, atentamente,

Xabier Cid